

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta

NON ASISTEN:

D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día nove de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro e a Sra. concelleira D.^a María Dolores Pan Lesta.

Non asisten á sesión os Sres. concelleiros D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE AGOSTO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de agosto de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 26 de xullo de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimentos establecido no

artigo 20 da Orde de 11 de maio de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións de adecuación das pistas multideporte nos centros de educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados non universitarios, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento ED500A). DOG núm. 148, do 04-08-2022.

- Decreto 139/2022, de 21 de xullo, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023. DOG núm. 149, do 05-08-2022.
- Resolución de 21 de xullo de 2022, da Axencia Galega de Industrias Culturais, polo que se dá publicidade do agotamento de crédito da Resolución de 18 de maio de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 107, de 6 de xuño) pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no camiño, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT302B). DOG núm. 149, do 05-08-2022.
- Resolución de 4 de agosto de 2022, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 188, do 06-08-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

ÚNICO. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLA ENTIDADE CANARGA, S.L. NO EXPEDIENTE NÚMERO 2017/C003/000011 PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DO CAMIÑO 00383 DENDE FABÁS ATA ARMENTAL, CAMBRE, COFINANCIADA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 18 DE MAIO DE 2017, DA AGADER, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DIRECTA, MEDIANTE RESOLUCIÓN, DAS AXUDAS CORRESPONDENTES AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de agosto de 2022 (CVD: aj6V3imQtcV2J/UMnPSi), relativa á aprobación de expediente de contratación relativo á "proposta de devolución da *garantía definitiva* depositada pola entidade Canarga, S.L. no expediente número 2017/c003/000011 para a execución da obra "mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre, cofinanciada ao abeiro da resolución do 18 de maio de 2017, da -agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao plan de mellora de camiños municipais 2017-2018", que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 16 de xullo de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Canarga, S.L. para a execución da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre, cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018". Expediente 2017/C003/000011.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval bancario, depositado na Tesourería municipal con data 03.07.2018, por importe de 1.204,54 euros con núm. de rexistro 828, para garantir a execución do contrato.

Visto que segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 30 de marzo de 2022, (CVD: 5HCd+geyfNsQplpKICbe) venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo.

Visto o informe de fiscalización número 323/2022, (CVD: PiD32FCgjqXHbqDevb4K) emitido pola Intervención Municipal con data do 02 de agosto de 2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade Canarga, S.L. con CIF B15360902 e con enderezo na Rúa Gambrinus, nº 99, 15008, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000011 para a execución da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre, cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018"

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de agosto de 2022 (CVD:

aj6V3imQtcV2J/UMnPSi), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 29 de xullo ao 4 de agosto do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1375/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1401/2022, segundo se relacionan a continuación:

1375/2022	29-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de agosto de 2022
1376/2022	29-07-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xuño de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xullo de 2022
1377/2022	29-07-2022	Expediente de incorporación de remanentes 27/2022
1378/2022	01-08-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 45.786,47 euros
1379/2022	01-08-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 2.937,47 €
1380/2022	01-08-2022	Aprobación xestión padroal das baixas no padrón de habitantes ao longo do mes de xuño 2022.
1381/2022	01-08-2022	Aprobación xestión padroal das altas no padrón de habitantes ao longo do mes de xuño 2022
1382/2022	01-08-2022	Conceder a axuda de emerxencia social recibos de luz por un importe total de 527,36 euros. Solicitante: MCZL
1383/2022	01-08-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para de recibo de alugueiro a S.C.L. por importe de 475 euros.
1384/2022	01-08-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEG
1385/2022	01-08-2022	Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 mes de xuño. Altas e baixas
1386/2022	01-08-2022	Subvención ao abeiro da resolución do 23 de xuño de 2022, de augas de Galicia, pola que se aproban as bases destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuación para minimizar perdas de auga
1387/2022	02-08-2022	CM a Antonio Rodríguez Arenas (Mircromina Teatro de Títeres). Actividade de animación á lectura "Raio the Loubican, metade lobo metade can" Programa LER CONTA MOITO
1388/2022	02-08-2022	Aprobación da organización da XXXI edición da Carreira Popular Concello de Cambre 2022
1389/2022	02-08-2022	I Mostra de Asociacións do Concello de Cambre
1390/2022	02-08-2022	Aprobación da organización do XXXVII torneo Chave Concello de Cambre 2022
1391/2022	02-08-2022	Aprobación da organización do día do xadrez que inclúe os torneos: XXI xadrez agosto en Cambre e o III xadrez agosto en Cambre Blitz

1392/2022	02-08-2022	Actos e orzamento Axenda cultural agosto 2022
1393/2022	02-08-2022	Lista provisional de admitidos e excluídos e composición do tribunal de axentes de protección civil interinos
1394/2022	03-08-2022	Expediente de xeración de crédito 9/2022
1395/2022	03-08-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 8 ao 12 de agosto de 2022, ambos incluídos, no primeiro tenente de alcalde Juan González Leirós
1396/2022	03-08-2022	Contratación do servizo de delegado de protección de datos externo do Concello de Cambre
1397/2022	04-08-2022	Aprobación de expediente de modificación de crédito. xeneración de crédito num. 9/2022
1398/2022	04-08-2022	Celebración voda civil o 6 de agosto de 2022 ás 13 horas.
1399/2022	04-08-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 38.111,81 euros
1400/2022	04-08-2022	Comparecencia en acto de conciliación o día 8 de agosto de 2022, ás 11:30 horas. Expediente 3287-22
1401/2022	04-08-2022	Comparecencia en acto de conciliación o día 8 de agosto de 2022, ás 11:15 horas. Expediente 3286-22

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- A) Aprobación do plan de seguridade e saúde e do plan de xestión de residuos presentado pola empresa “Excavaciones Santiños, S.L.” para a execución da obra denominada “mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”. expediente: 2021/c003/00013
- B) Adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), da obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), cun valor estimado de 48.148,92 euros e un orzamento base de licitación de 43.771,75 euros sen IVE, 52.963,82 euros IVE incluído. Expediente núm. 2022/C003/000006
- C) Corrección PCAP de contratación do servizo de delegado de protección de datos externo do Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000038.
- D) Contratación dunha póliza de seguro de accidentes para os participantes das actividades organizadas polo Concello de Cambre, mediante un contrato baseado no Acordo marco de seguros da FEMP formalizado o 12 de marzo de 2021

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A) APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PRESENTADO POLA EMPRESA “EXCAVACIONES SANTIÑOS, S.L.” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA

DENOMINADA “MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN LENDOIRO, A BARCALA, CAMBRE”.EXPEDIENTE: 2021/C003/00013

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de agosto de 2022 (CVD: aX91gLacVt30ZsrstKwD), relativa á aprobación do plan de seguridade e saúde e do plan de xestión de residuos presentado pola empresa “Excavaciones Santiños, S.L.” para a execución da obra denominada “mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”. Expediente: 2021/C003/00013, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/00013 para a contratación da obra “Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”.

Expediente: 2021/C003/00013

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de marzo de 2022 polo que se adjudicou a obra á empresa “Excavaciones Santiños, S.L.”, asinándose o correspondente contrato con data 16 de marzo de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o Plan de Seguridade e Saúde elaborado pola empresa adjudicataria “Excavaciones Santiños, S.L.”, e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 05 de abril de 2022 e número 202299900001741.

Visto o Plan de Xestión de Residuos achegado pola empresa contratista da obra de referencia (rexistro de entrada 202299900003218 con data do 17/06/2022).

Vistos os informes favorables emitidos con datas 2 de agosto 2022 (CVD: jEHPePpXZLYsHplRcifK) e 3 de agosto 2022 (CVD: LOahBUb/mINXbJ1kcpPA) polo Arquitecto Municipal, responsable do contrato.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, de data 3 de agosto 2022 (CVD: EuVG7xN8CCn/Hf2P/WI+) na que confirma que consta o Programa de Traballo adaptado ao prazo ofertado, incluída na oferta presentada polo contratista, en base á cal resultou adjudicatario, polo que se propón eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e de conformidade coa cláusula 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Excavaciones Santiños, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”.
Expediente: 2021/C003/00013

Segundo: Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Excavaciones Santiños, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora da accesibilidade en Lendoiro, A Barcala, Cambre”.
Expediente: 2021/C003/00013

Terceiro: De conformidade có establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto Municipal o 3 de agosto 2022 (CVD: EuVG7xN8CCn/Hf2P/WI+) no que confirma que o adxudicatario presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adxudicatario.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa “Excavaciones Santiños, S.L.” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese ao Arquitecto Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de agosto de 2022 (CVD: aX91gLacVt30ZsrstKwD), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) ADXUDICACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA (FACTOR PREZO), DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN O SOUTO, ANCEIS, CAMBRE”, FINANCIADA A TRAVÉS DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNCIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MR701 E) DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), CUN VALOR ESTIMADO DE 48.148,92 EUROS E UN ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DE 43.771,75 EUROS SEN IVE, 52.963,82 EUROS IVE INCLUÍDO. EXPEDIENTE NÚM. 2022/C003/000006

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de agosto de 2022 (CVD: 20F3tdtgbsbXxSRqAleTz) , relativa á

“Adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), da obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), cun valor estimado de 48.148,92 euros e un orzamento base de licitación de 43.771,75 euros sen IVE, 52.963,82 euros IVE incluído. Expediente núm. 2022/C003/000006”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C003/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), da obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), cun valor estimado de 48.148,92 euros e un orzamento base de licitación de 43.771,75 euros sen IVE, 52.963,82 euros IVE incluído.

Vista a acta da Mesa de Contratación designada para o presente expediente de data 15 de xuño de 2022, na que consta a proposta de adxudicación formulada a prol de “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.”

Visto o informe emitido pola secretaria xeral CVD: KBXG1BqHPeD9XGcxWMzN de data 08 de agosto de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 330 /2022 (CVD: 9re6+Q467T6hbZEj7Ftd) emitido polo interventor municipal con data do 8 de agosto de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 15 de xuño de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela aos seguintes licitadores por presentar os sobres ou arquivos electrónicos C: “Declaración responsable e proposición”, coas condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 11.1, 12 e 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e as proposicións conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A e II.B do PCAP.

- Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.
- Francisco Gómez y Cía, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 15 de xuño de 2022, a seguinte valoración por orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas e admitidas no presente expediente, correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do PCAP, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que queda establecido en 34.697,52 euros, resultando que ningunha das ofertas presentadas se atopa nesta circunstancia.

Nº de orden	EMPRESA	PUNTOS
1º	Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.	125
2º	Francisco Gómez y Cía, S.L.	124,76

Terceiro: De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación con data do 15 de xuño de 2022, adjudicar o contrato para a obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), (expediente 2022/C004/000006) a prol do licitador “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” no prezo ofertado de 43.290,00 euros sen IVE, 52.380,90 euros IVE incluído.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, á cal, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións SL”, adjudicataria do expediente núm. 2020/C004/000022 para o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”. Así mesmo, o control de calidade da obra exercerase pola entidade “3C Calidad y Control Sociedade Cooperativa Galega”, adjudicataria do expediente núm. 2020/C004/000021 para o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello (2021-2022)”.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ás entidades encargadas da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade, e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á directora de obra e responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de agosto de 2022 (CVD: 2OF3tdtgsbXxSRqAleTz), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C) CORRECCIÓN PCAP DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS EXTERNO DO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE: 2022/C004/000038.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: UHxUgmE6iXFtLminyjt) relativa á “corrección PCAP de contratación do servizo de delegado de protección de datos externo do Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000038”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

